



# A realidade de Toralla, a única illa privada con acceso restrinxido en Vigo

A última venda foi en 1965 por 10 millóns de pesetas, cando se constituíu a empresa que urbanizou o illote. Forzas políticas e cidadás levan anos solicitando que se permita a entrada libre .

2021



Fronte á praia do Vao, na costa de San Miguel de Oia, está a illa de Toralla, a **única illa privada de Vigo** e das poucas de Galicia. Antano estaba destinada ao terreo labrado e ao monte inculto, pero xa no século XIX había una fábrica de salgadura construída polo seu propietario daquela .

. Actualmente, existe **unha urbanización de luxo para as máis altas fortunas da cidade , con máis de 30 chalés e unha torre de 70 metros e 21 plantas** cimentada sobre a ría de Vigo na década de 1970.

Tras cruzar a ponte de case 400 metros que une a ínsua co areal do Vao, hai unha **garita cunha barreira automática que impide o paso a calquera persoa allea** ao illote. O acceso é exclusivo para os residentes da illa e coñecidos e a **a vixilancia está tanto polo día como pola noite**. So o valado, hai un lector de matrículas para os vehículos dos propietarios, previamente rexistradas para un acceso máis rápido.

No Castro de Toralla hai chalés construídos sobre restos dunha vila romana.

## Múltiples vendas: dun a outro

Toralla tivo varios donos durante a súa historia e vendeuse tres veces soamente no século pasado.

Nun primeiro momento, en 1800, **pertneía á Igrexa**, a bispado de Tui, pero coa **desamortización de Mendizábal (1836 e 1837) foi expropiada** y posteriormente foi adquirida por Francisco Javier Martínez Enríquez, Marqués de Valadares. Ao morrer, os seus herdeiros vendérona .

En abril de **1892** realízase outra venda: nas escrituras, Manuel Rodríguez Cadabal, apodeirado de María de los Dolores Elduayen y Martínez, **marquesa de Mochales, traspasa Toralla a Enrique Lameiro Sarachaga. O prezo foi de 30.000 réas, equivalentes a 7.500 pesetas** da época.

O seguinte proceso de venda foi en **abril de 1910**, cando Enrique Lameiro vende a propiedade, unha "finca con superficie xeral de 4 hectáreas, 20 áreas e 42 centiáreas" a **Martín Echegaray Olañeta**, un vigués emigrado a Bos Aires que volveu rico da Arxentina. O prezo foi de **40.000 pesetas**.

En **febreiro de 1958, os herdeiros de Echegaray comezan a xestionar o futuro da illa**. Seu fillo Juan Echegaray asina con Cipriano Braña Merino e Santiago Signo García unhas escrituras para cederlles ol apoderamento e así poder "comprar, vender, ceder ou hipotecar". Sete anos despois, en **agosto de 1965**, reúnense todos os apoderados con **José Kowalsky, que a adquire por 10 millóns de pesetas**. Aos seis meses constitúese a sociedade **Toralla S.A., coa que comezan a urbanizar a illa**: constrúen a ponte, a torre e os chalés.

## Concesión dun século

A illa non é pública, é das poucas de titularidade privada que hai en Galicia —xunto ás **Sisargas en Malpica e A Creba en Esteiro**— e en España —en total hai doce, tanto nas Illas Baleares, Canarias, Murcia e incluso Ávila, nun pantano—. Cabe destacar que, **segundo o Ministerio de Transición Ecolóxica, ningunha illa pode ser na súa su totalidade privada** porque sempre terá unha faixa de dominio público.

**Toralla Sociedade Anónima goza dunha concesión de 99 anos**. Foi outorgada pouco despois da súa última venda en 1965 e la cesión de facultades acaba no ano 2064.

O feito de que unha barra limite o paso a calquera persoa non propietaria e que ningún cidadán poida acceder suscita **críticas entre a cidadanía viguesa**. Algúns partidos da oposición e incluso o Concello de Vigo levan anos solicitando o acceso libre, polo menos, ao litoral, que é de dominio público marítimo-terrestre.

Segundo a **Lei de Costas, calquera persoa ten dereito a facer uso do solo público**,. Por outro lado, en 1990 permitiuse o **acceso libre á ponte e ás praias** tras unha sentenza do Tribunal Supremo, aínda que poucos cambios se fixeron .

**O Goberno de España en 2008 fixo** un proxecto de construción dun paseo pola costa da illa, valorado en pouco máis de 56.600 euros. Uns años despois, **suspendeuse sine die**.

ECIMAT : etación de ciencias marítimas de Toralla ( Uvigo )